

Lingua e Administración

DOUS ANOS DE LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O 15 de Xuño de 1983 o Parlamento de Galicia aprobou a **Lei 3/1983 de Normalización Lingüística**. Logo das votacións parciais o Presidente someteu a votación o conxunto do texto da Proposición de Lei co seguinte resultado: **Votos emitidos: 53; Votos a favor: 53**. Polo tanto aprobouse o texto por unanimidade. Tódolos partidos e coalicións representados na Cámara naquela sesión aprobaron unha Lei que, segundo se desprende das súas intervencións ían poñer unha situación inxusta para a nosa lingua.

Co gallo do "DIA DAS LETRAS GALEGAS", e a iniciativa do Concello de Santiago, reúnense en Compostela cento e pico de rexedores municipais para asinaren o que se deu en chama-la "**DECLARACIÓN DOS ALCALDES GALEGOS**".

"Os Alcaldes que asinan este documento —dise na Declaración—, despois de constataren o feito de que o 94% da poboación entende, lé, escribe ou fala o galego, segundo unha enquisa realizada polo Departamento de Socioloxía da Facultade de Ciencias Económicas de Santiago de Compostela, tentarán adoptar, entre outras, as seguintes medidas tendentes a normalizaren o uso da lingua galega nas súas propias administracións:

1. Valoración preferente do coñecemento do idioma galego nos programas para o acceso á función pública local. A recente sentenza da Audiencia Territorial da Coruña amosa que esta pretensión é axustada a dereito.

2. Programación de cursos de lingua galega para os funcionarios en horas laborables. Sendo obrigatoria a presenza dun funcionario, cando menos, por unidade administrativa con coñecemento do idioma galego.

3. Todo o caudal documental dos servizos administrativos, será emitido en galego.

4. Rotulación das dependencias das Casas dos Concellos en galego.

5. Creación dun Servizo Municipal de Normalización Lingüística, encargado de asesorar e executa-la política lingüística **ad intra** e **ad extra** da Corporación.

6. Potenciarase o galego como instrumento normal de comunicación dentro da Corporación. Nas actas recolleranse as intervencións na lingua en que se expresen.

7. Rotulación en galego das rúas, liñas de autobuses, servizos municipais ou concesionarias, etc.

8. Os Concellos potenciarán e apoiarán a organización de cursos para aflabetización de adultos en galego. Neste sentido actuaríase conforme á letra do artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía.

9. Primarase o emprego do galego no campo publicitario mediante unha redución de taxa correspondente. O propio Concello publicará en galego os seus Bandos, Edictos, e anuncios en xeral.

10. Organización de campañas, ben sexan propias ou en colaboración con outras Corporacións e Entidades, que teñan como obxectivo a normalización, dignificación e promoción do uso público da lingua galega.

O incumprimento do asinado é total. Agás os coñecidos exemplos, os Concellos seguen a ignorar o mandato do art. 5.3. do Estatuto de Autonomía de Galicia.

SUMARIO

	Páx.
A dous anos da Lei de normalización lingüística	1
Sentencias:	
A normalización lingüística suxeita a procedemento criminal (Xoaquín Monteagudo)	2
Unha sentenza importante, (Claudio Movilla Álvarez)	3
O marco xurídico:	
Nomes propios en galego, (Xosé González)	3
A linguaxe administrativa:	
Do galego falado ó galego escrito. O galego no século XIX, (Henrique Monteagudo)	4
Modelos de documento:	
Os decretos da alcaldía	6
Cuestións de gramática:	
As segundas formas do artigo	9
Derradeiro e último; ata e deica; encol e sobre, (Xosé M ^a . Lema)	10
Terminoloxía:	
Allear e alleamento (cast. enajenar, enajenación), (Fernando Tato e H. Monteagudo)	10
Palabras populares, cultas e semicultas (Xosé M ^a . Lema)	11
Bibliografía	12

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carlos Días Abraira
Xermán García Cancela
Xosé González Martínez
María Xesús Miramontes Castro
Mercedes Penoucos Castiñeiras
Xosé Torres Romar

DESEÑO:
M. Janeiro
F. Mantecón

IMPRESOR:
Artes Gráficas Galicia, S.A.
Rúa Segovia, 15 - VIGO
Depósito Legal: VG-186-1985

EDITA "ASOCIACION DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACION LINGUISTICA DE GALICIA".

sentencias

Lingüística
Administración

A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA SUXEITA
A PROCEDEMENTO CRIMINAL

DOUS ANOS DE LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Os atrancos que está a sufrir no noso país o proceso de normalización lingüística tiveron un novo fito na acusación de que foi obxecto un cidadán galego polo Ministerio Fiscal, que deu lugar á sentenza do 26 de abril de 1985 do Xulgado de Instrución nº 2 de Santiago nas Dilixencias Penais nº 496/84.

Os feitos foron así segundo resulta dos propios termos da sentenza citada:

O día 29 de agosto de 1984 un cidadán galego, veciño do municipio da Estrada "... foi sorprendido cando, provisto de pincel e pintura, estaba a modificar algúns sinais informativos de orientación do tráfico no cruce de San Caetano desta cidade de Santiago, **poñendo en galego os nomes escritos en castelán**".

Agora vén a nosa sorpresa: "O Ministerio Fiscal califica definitivamente os feitos como constitutivos dun DELITO DE DANOS do art. 563 do Código Penal e solicita para o acusado TRES MESES DE ARRESTO MAIOR e CUSTAS"

Por sorte para tan peculiar delincente, abóndalle ó Xuíz cun só considerando para botar abaixo a orixinal teoría do Ministerio Fiscal e absolver ó acusado, dicindo que "... segundo o art. 5.1. do Estatuto de Autonomía a lingua propia de Galicia é o galego, engadindo o mesmo artigo que ten carácter oficial có castelán, e que os poderes públicos de

Galicia, garantirán o seu uso normal en tódolos ordes da vida pública, cultural e informativa, polo que o **acusado limitouse á adiantarse á actuación oficial**, que, como é público e notorio, xa ten procedido en numerosos lugares a redactar en galego os nomes dos lugares nos sinais de tráfico".

O feito de que se fixera aquela acusación do Ministerio Fiscal, que constitúe por si mesma un atranco máis, e máis grave, no camiño da normalización lingüística, débemos facer matinar, polo menos nas seguintes cuestións:

a) Que os Poderes Públicos seguen a esquecer-lo disposto polo art. 10 da Lei de Normalización Lingüística que dispón que "1. **Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega...** 3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación **terá que concordar con elas...**" A Lei é do 15 de xuño de 1983, e os feitos que deron lugar á acusación do fiscal foron en 29 de agosto de 1984. Sobra calquera comentario.

b) Que existen unha serie de servizos públicos, neste caso nunha función tan importante como é a do Ministerio Fiscal, que seguen a descoñecer-lo carácter de lingua oficial do noso idioma e ousan soste unha acusación inustificable tanto dende o punto de vista do ordenamento xurídico xeral coma das funcións que constitucionalmente ten encomenda-

das. O art. 124 da Constitución Española dispón que é función do Ministerio Fiscal "**promove-la acción da xusticia en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns, e do interés público tutelado pola lei**".

c) ¿Que legalidade se defendía exercendo aquela acusación? ¿Non defende máis a legalidade o cidadán que, armado de pincel e pintura, cumpre á súa conta as disposicións dunha lei publicada máis de un ano antes? ¿Non incumpre a legalidade dun xeito manifesto a autoridade que segue a descoñecer-lo mandato legal un ano despois de publicada a norma?

d) E se falamos de danos, ¿quen vai cuantifica-los danos morais causados á nosa comunidade por aquela autoridade que durante ducias de anos sen Estado de Dereito e a partir do 15 de xuño de 1983 contra o Estado de Dereito, nos fixeron ver "Mellid, Arteijo, Ginzo...?"

Con todo respecto propoñémoslle ó Ministerio Fiscal que, como desagravio festivo ó noso amigo da Estrada, interpoña demanda contra a Administración para que lle pague os pinceis, as pinturas, o xornal de oficial de 1ª. pintor do Convenio da Construcción vixente, e como "pre-tium doloris", porque as bágoas tamén se pagan, lle deixen da-lo primeiro brochazo no rótulo "Pazo de Xusticia" do venerable edificio que na Coruña temos.

UNHA SENTENCIA IMPORTANTE

O Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción da cidade de Santiago ven de dictar unha sentenza que, no meu entender, ten unha gran importancia, non só pola materia que naquela se resolve, senón tamén pola sensibilidade que revela verbo dunhas cuestións moi alonxadas ata agora das inquedanzas do aparello xudicial.

Os feitos son ben sinxelos, de acordo co primeiro resultado da devandita sentenza. O día vintenove de agosto de 1984, o acusado Severino Somoza Pereira, maior de idade penal e con antecedentes penais (coma non se din na sentenza non sei en que poden consistir e penso que non serían de gran importancia), foi sorprendido cando cun pincel e pintura, se dispuña a cambiar algúns sinais de tráfico no cruce de San Caetano da cidade de Santiago, para poñer en galego os nomes escritos en castelán. Estes feitos calificaronse coma un delito de danos do artigo 563 do Código Penal polo Ministerio Fiscal, quen pediu para o acusado nada menos que unha pena de tres meses de arresto maior e mailas custas do xuicio.

O primeiro que debe sinalarse é a estraña petición do Ministerio Fiscal ó calificar como delito de danos do artigo 563 o comportamento do acusado, precepto aquel que se debe reservar para actuacións de maior gravidade e máis perxudiciais para os intereses da comunidade e non para un cambio de idiomas na sinalización do

tráfico. Hai un principio dentro do Dereito Penal que se chama da intervención mínima, que dá a posibilidade de non manter unha acusación por feitos de moi pequena trascendencia e moi escaso perxucio, aínda que poideran estar recollidos no Ordenamento penal. Con todo os respectos que merece o representante do Ministerio Público, penso que non estivo moi afortunado no caso que nos ocupa. Mais o que ten importancia é o razonamento do Sr. Xuíz, da meirande sinxeleza, pero revelador dunha perfecta comprensión do problema e axeitado en todo ó Ordenamento xurídico.

Velaí o que nos dí o xulgador no primeiro considerando da resolución:

Os feitos probados non constitúen delito algún xa que segundo o artigo 5.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a lingua propia de Galicia é o galego, engadindo o mesmo artigo que ten carácter oficial en igual nivel cá o castelán e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal e potenciarán a utilización do galego en tódolos ordes da vida pública, cultural e informativa, polo que, —e isto é o que ten verdadeira importancia—, “o acusado só se adiantou a actuación oficial, que, doutra banda, como é público e notorio, xa procedeu en moitos sitios a escribir en galego os nomes dos lugares e os sinais do tráfico”.

O razonamento é impecable dende a perspectiva xurídica. Se o ar-

tigo 5.1 do Estatuto de Autonomía nos dí que a lingua propia de Galicia, a lingua normal é o galego, —podería engadirse que esa cooficialidade tamén se recolle no artigo 3º da Constitución—, e que os poderes públicos teñen a obriga de garantizalo seu uso e de potencialo nos diversos eidos da vida cidadán, xamais poderá constituir ningún delito unha actuación privada que non fai máis ca poñer remedio, pequeno remedio, á incuria ou pasividade dos devenditos poderes. Non hai ningún ánimo de perxudicar, de destruír bens da comunidade, como dicía na súa estraña acusación o Ministerio Fiscal, senón “adiantar”, —je son tantas as cousas nas que os galegos deberán adiantarse ós poderes que nos gobernan!—, o reló da normalización da nosa lingua. O acusado non facía delito de ningunha clase, xa que só estaba a cumprir o que a Constitución e mailo Estatuto de Autonomía ordena a tódolos poderes públicos.

Á marxe das consideracións xurídicas, a sentenza comentada ven tamén a sinalar como, aínda que seña dun xeito illado, escomenza a rachar esa concepción, por suposto ben xustificada, dunha Administración da Xusticia, allea a pechada, ás necesidades, problemas e preocupacións da nosa terra. A decisión do Sr. Xuíz López Keller é unha mostra da sensibilidade necesaria e mínima, para acadar unha xusticia preta do pobo no que xorde e ó que debe servir.

Claudio Movilla Álvarez

o marco xurídico

NOMES PROPIOS EN GALEGO

O artigo 54 da Lei do Rexistro Civil, do oito de xuño de mil novecientos cincuenta e oito, que logo foi reformado pola Lei 17/1977, de 4 de xaneiro, imponía dúas obrigacións: **que o nome do nacido fose o do boudismo (tratándose de boudizados) e que, ademais, se fixera constar en**

castelán, se ben o Regulamento permitía nomes “regionales” cando non tivesen tradución ó castelán.

Posteriormente, coa entrada en vigor da Lei do ano 1977 que reforma o devandito artigo 54, aquelas esixencias desaparecían xa que, dentro da liberdade que proclama para a impo-

sición dos nomes, non fixa outros límites que os esixidos polo respecto á dignidade da propia persoa.

A Lei que agora está vixente, e que estamos a comentar, queda redactada da seguinte forma:

“Na inscrición expresarase o nome que se dea ó nacido. Tratándose

se dos españois, os nomes deberán consignarse nalgunha das Linguas españolas”.

No tocante á galeguización dos nomes —outra cousa é o cambio do nome— dos que xa foron inscritos con anterioridade á promulgación da Lei que reforma o devandito artigo 54, díse:

“A petición do interesado ou do

seu representante legal, o encargado do Rexistro substituirá o nome propio, imposto con anterioridade á vixencia da presente Lei, polo seu equivalente onomástico en calquera das Linguas españolas. A substitución será gratuita para os interesados”.

As restricións que imponía a Lei de mil novecentos cincuenta e oito debeulle parecer ó lexislador tan oprobiosa para as outras linguas es-

pañolas distintas do castelán, que a Lei entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación no “Boletín Oficial do Estado”, sen “vacatio”.

Recomendamos a tódolos interesados na galeguización dos nomes propios a consulta dun libriño publicado pola editorial SEPT, “400 NOMES GALEGOS PARA HOMES E MULLERES”

MODELO DE INSTANCIA PARA SOLICITA-LA TRADUCCIÓN DO NOME:

O que asina. . . . , veciño de. . . . , rúa. . . . núm. . . . , con D.N. I. núm. . . . manifesta o seu desexo de traduci-lo seu nome propio polo de. . . . e fai constar que naceu o día. . . . de de na rúa. . . . núm. . . . de. . . .

(sinatura)

NO CASO DE MENORES, CÓMPRE FACER CONSTAR:

. . . . , manifesta o seu desexo de traduci-lo nome/s do/s seu/s fillo/as menor/es non emancipados e baixo a súa protestade, polo/s de. . . . e fai contar que naceu/naceron en. . . . o. . . . de. . . . de mil noventos. . . . , na rúa. . . . núm. . . . de. . . .

(sinatura)

—Xosé González M.

a linguaxe administrativa

DO GALEGO FALADO Ó GALEGO ESCRITO: O GALEGO NO SÉCULO XIX

Como se ten visto reiteradamente na serie de artigos que levamos publicado sobre a lingua galega, o galego gozou durante os séculos XIII, XIV e XV dun intenso cultivo literario, tanto nos eidos da literatura de creación (narrativa, lírica) coma no da literatura instrumental (histórica, medicinal, xurídica, administrativa).

O caso foi que o galego perdeu ese cultivo literario por causas históricas ben determinadas: a progresiva perda de autonomía e influencia de Galicia con respecto á monarquía central, facilitadas pola deterioro da situación interior do noso país, asolado por tres guerras civís (coñecidas como ‘levantementos irmandiños’), a acele-

rada tendencia á centralización que a política da dinastía dos Trastámara impulsou; toda unha serie de factores políticos, sociais, económicos e culturais que culminan coa determinación a penas oculta dos Reis Católicos, a partir deles dos sucesivos reximes que gobernan España, de impoñe-lo uso do castelán en todo o reino.

O galego nunca calou

O galego non enmudeceu, nunca calou, pero deixou de escribirse, e os estamentos acomodados da sociedade (o clero, a nobreza) dos que procedían os intelectuais de letrados, fórono abandonando a pouco e pouco. Una lingua sen cultivo literario é coma un xardín sen xardineiro. Os galegos, chegado o século XIX esquecéranse xa de que nun tempo o seu idioma fora un xardín, e soamente vían nel un mato no que inzaban as silvas e os toxos. Non había ningunha conciencia de que o galego tivera un cultivo literario e un emprego instrumental formalizado, e case ningún deles vira escrito na nosa lingua un documento, un poema ou un fragmento narrativo.

Cando a Guerra da Independencia, a primeiros do S. XIX, a única posibilidade de expulsa-los franceses do noso país era conseguí-la mobilización popular, pois o exército regular fora 'entregado' ós ocupantes. Galicia ten que organizarse e recorrer ás súas propias forzas, o cal posibilita unha primeira experiencia de poder autónomo. Había que lograr que as xentes se incorporasen voluntariamente á loita. Para chegar máis e mellor ó corazón das masas, os axitadores empregan o galego. Por iso, en certa maneira se pode dicir que o galego resucitou no S. XIX a través do 'panfleto'. As chamadas á sublevación deberon te-lo seu eco, pois as tropas francesas de contado tiveron que abandonar Galicia, e ós poucos anos xa estaban fóra de España.

O primeiro libro que coñecemos que se imprimise integramente en galego (salvo o título e o prólogo) son precisamente as **Proezas de Galicia**, publicadas por José Fernández y Neira na Coruña en 1310. Vexamos un fragmento deste libro para dármolos idea de como resolveu o autor o poñer-lo galego, daquela unicamente falado, en letra impresa:

"Agarda un pouco que che bou a decer ò que fixeron. Dempoís que rexsistraron todo, colleronche as galiñas que puideron, repelaronchas, derreteronche nùm-a caldeira canta graxsa è pingo encontraron, è meteronchas ali, desorte que se pasaron e coceron seique máis cá manteiga, sin botarlles miaxsa de auga, è correndo banchese à bodega, abironche as pipas, è sacaronche cheos de viño os caldeiros è olas, deixsando aberta as

villas, de maneira que todo ò viño se foi pola bodega; desque sopetearon (que os sopetee Satanás) todo ò día, foronse à graneira, è sacaron en cestas todo o trigo è centeo que lles dou à gana, è ceibarónllo diante os cabalos: ¡ah! faltabacheme decir que para facer ò lume partironche as uchas è taboretos todos, de sorte que abia ùn-a fogueira que non deseaba eu sinon velos nela. Asi que anoiteceu bolbenche a poñer ó lume os caldeiros con viño, è cando pensaba que sería para bañar os cabalos, è mais à eles ¡bin morte que me deixsou! que me deron cò mel, è botaroncho todo rebolto cò viño, è dempoís beberon da quelo hasta que ò dexsaron de sobro"(*).

O primeiro que chama a atención do texto é o emprego de nalgunhas palabras que hoxe escribimos con v: bou/vou, ban (chese/(van(seche), bolben(ches)/vólven(ches), bin/vin, rebolto/revolto. Como sabemos, estas dúas letras b e v representan un único sonido en galego, e para distinguir en que palabra se emprega unha e en que outra, hai que acudir ó latín, lingua na que representaban sonidos diferentes, e polo tanto non hai confusións no seu emprego. O autor deste texto non tiña un criterio fixo neste punto, pois vemos que tamén emprega o v, mesmo en palabras que habería que escribir con b, por exemplo, **billa**. Normalmente, o galego pon b nas mesmas palabras có castelán, pois a situación é semellante nos dous idiomas. Sen embargo, en galego non aceptamos confusión gráfica do castelán, e escribimos, conforme á forma orixinal das palabras, **avó** (cast. **abuelo**, latín **avus**), **avogado** (do latín **advocare**), **varrer**, **vasoira** (latín **verrere**, **versaria**), etc.

Non aparece reflexado no texto a pronuncia seseante nin a gheada, como noutros textos posteriores. É curiosa a representación —xs—, supoñemos que para distinguir a pronuncia de **deixsar** da de **sexo** ou **exame**. Esta grafía non tivo éxito, e no galego posterior, ou ben se tentou restaura-la ortografía próxima á latina (coma en portugués: **gente**, **hoje**, **baixar**), sen ningún éxito, ou ben se representou sempre —x—, como facemos hoxe.

Hai que notar no texto a representación **un-** tentando reproducilo característico sonido que hoxe representamos por **-nh-**: **unha**, **algunha**, **ningunha**, **anhelar**, **inhumano**....

O emprego dos acentos, cuestión sempre revirada para os non lingüistas, e bastante confuso e un tanto arbitrario, de maneira que aparece representado de mesmo xeito o **o** de **facer ò lume** (que hoxe representaríamos mellor **face-lo lume**) có de **poñer ó lume** (que hoxe escribiríamos **poñer ó lume**, que teñen un sonido nididamente distinto).

Preséntansenos no texto varias vacilacións, á parte das xa comentadas, así vemos que se escribe **decer** e **decir** o verbo que hoxe escribiríamos **dicir**. Tamén se podería sinalar algún castelanismo (**bou a decer** no canto do correcto **vou dicir**, **sin** por **sen**; **desea a** por **dese aba**; **sinon** por **señón**; **hasta** por **ata**; **miaxsa** por **migalla**), unhas cantas formas dialectais (**decer** por **dicir**; **dempoís** por **despois**; **dou** por **deu**, do verbo **dar**) e algún vulgarismo (**taborete** por **taburete**). Pódese tamén observar que a división en palabras non é exactamente igual cá actual: **desorte** por **de sorte**; **da quelo** por **daquelo** ou **daquilo**.

Tendo en conta estas e algunhas observacións lingüísticas máis que se poden facer, ¿quen non reconece no texto o galego, un galego rico en léxico, elegante en sintaxe, correcto na morfoloxía? Realmente, se temos en conta **catro** séculos de abandono, semella un miragre que o galego resucitase tan limpo, tan puro e tan esplendoroso. A impresión de confusión que pode producir á primeira vista o noso galego actual, esváese en canto temos un mínimo coñecemento da súa gramática, que a escola de hai uns anos nos negou. Felizmente, as novas xeracións terán acceso a ese coñecemento, do cal o galego sairá purificado e fortalecido. Pero os que xa non podemos ir á escola, temos que ter posibilidade de adprendelo para podérmolo usar sen complexos. En gran medida, esa é unha responsabilidade que lles compete ós poderes e institucións públicas. Unha responsabilidade da que non se poden eludir, e da que nós, cidadáns galegos, debemos pedir contas. Porque se a Administración é en grande parte culpable da situación, a ela lle corresponde poñer remedio.

(*) **Proezas de Galicia** por José Fernández y Neira, edición facsímil do Bibliófilos Gallegos, Pontevedra, 1984; páxs. 6-7. Respeto integramente o texto na reprodución.

modelos de documentos administrativos

Os decretos de alcaldía son actos administrativos de contido moi diverso, emitidos polo alcalde no exercicio das súas atribucións.

Están sometidos, o mesmo ca calquera outra resolución administrativa dos entes locais, ás normas sobre procedemento administrativo especial (local) e xeral.

Son actos dictados polo alcalde, aínda que en casos relativos ó réxime interior dos servizos pode dictalos o secretario do concello.

Os decretos notificanselles ós interesados conforme ó establecido na Lei de Réxime Local (art. 401) e no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (art. 311 e 312). É forzoso notificar correctamente os

actos administrativos, isto é, incluír na notificación o texto íntegro do decreto ou acordo, a indicación dos recursos procedentes, a autoridade ou corporación perante os cales hai que presentalos e prazo de tempo para facelo, indicando que o interesado poderá interpor calquera outro recurso, se o considera necesario.

Os decretos notificanse no prazo de dous días seguintes á súa data.

Modelo 1

CONCELLO DE.....

DECRETO DA ALCALDIA

Núm. /

Expediente núm. d (organismo)

Referente a

Considerando: a)

b)

Vistos: a)

b)

En uso das atribucións que me confire a lexislación vixente.

RESOLVO:

Primero:

Segundo:

selo

d de 19
(cargo)

(nome e apelidos)

(sinatura)

CONCELLO

Modelo 2

D

CONCELLO DE	DECRETO DA	Núm. _____
_____	ALCALDIA	_____ Día _____ Mes _____ Ano _____

ASUNTO

Expediente	Referencia
Organismo/servicio/sección	

RELACION DE FEITOS

--

FUNDAMENTOS DE DEREITO

--

RESOLUCION

Xa que logo, resolvo:
1. _____
2. _____
3. _____

Selo

(cargo) O Alcalde

(sinatura)
(nome e apelidos)

EXEMPLO DE DECRETO DA ALCALDIA.- Sobre apertura de establecementos:

Modelo 3

CONCELLO D

DECRETO DA ALCALDIA

Núm. _____ / _____

Visto o expediente núm. _____ do Negociado de Industria e Comercio, relativo á solicitude de licenzia municipal de abertura de establecemento d _____, presentada por _____ (nome e apelidos)

En uso das atribucións que me confire o artigo _____, apartado _____ do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e conforme ós acordos técnicos e xurídicos que constan no citado expediente,

RESOLVO:

Primeiro: Conceder a _____ (nome e apelidos) licenzia municipal de abertura e funcionamento dun establecemento destinado a _____ no local situado _____ (rúa, praza, lugar....)

Segundo Imponerelle as taxas municipais correspondentes por un importe de _____ pesetas

Terceiro. Concederlle licenzia sen prexuício doutros, _____

_____ de _____ de 19 _____

O Alcalde

Selo

(sinatura)
(nome e apelidos)

LICENCIA DE INDUSTRIA REGULAMENTARIA

CONCELLO DE _____

DECRETO DE ALCALDIA

Núm _____ / _____

Visto o expediente núm. _____, incoado por _____ (oficina que corresponda)

_____, e o informe emitido por _____ (oficina que corresponda)

_____, que tramitada a cualificación da licencia municipal solicitada

por _____ (nome e apelidos)

para a industria _____ adicada a _____

situada en _____ e clasificada como _____

RESOLVO:

Primeiro. Concederlle a licencia que se solicita, condicionada ó cumprimento dos requisitos e das medidas correctoras seguintes:

A) Requisitos:

- 1º _____
- 2º _____
- 3º _____

B) Medidas correctoras:

- 1º _____
- 2º _____
- 3º _____

Segundo. Aproba-la liquidación das taxas municipais correspondentes polo importe de _____ pesetas.

de _____ de 19 _____

Selo

O Alcalde

(nome e apelidos)

A SEGUNDA FORMA DO ARTIGO

Aunque as normas especifican os casos concretos de emprego da segunda forma do artigo, a miúdo atopamos en textos usos incorrectos por aplicación dunha xeneralidade e/ou por insuficiente asimilación desta.

Así témo-la norma de que as segundas formas [-lo(s), -la(s)] se usan:

1.1. Tras **-r** ou **-s**, ou sexa, das formas verbais de infinitivo e futuro de substantivo:

O aborda-lo problema, Xoán atopou a solución.

Se tive-la correspondente autorización, podería realiza-la obra.

e das 2a., 4a. e 5a., persoas da conxugación:

(Ti) é-lo candidato máis resolto nesta proba. ¿Que motivos hai para que reduzámo-las nosas competencias no réxime local?

Téde-las disposicións regulamentarias precisas para poñerdes en vigor esta lei.

Logo, nin no singular nin no plural, as formas de participio verbais ou adxectivais non se acollen a esta regra; polo tanto non debemos aplicar-las segundas formas nestes casos:

**Aprobáda-las -Aprobadas ascontías globais de gasto quedan *rexeitáda-las -rexeitadas as-emendas deste proxecto.*

*Consideráronse *válida-las -válidas as- tarxetas malia a non teren o correspondente selo.*

E moito menos cando aplicámo-la xeneralidade das segundas formas a tódalas palabras que rematan en **-s**:

*Este departamento aplica en tódolos *caso-las -casos as- medidas de política sanitaria.*

*Todo o pasivo *meno-lo -menos o-fondo económico.*

1.2. Cos pronomes enclíticos: **nos, vos, lles**:

Dámosvo-lo dereito a pedi-la palabra.

Dille-la verdade do caso.

1.3. Co adverbio de lugar: **u**:

¿U-la planificación urbanística na nosa cidade? (2a forma do artigo)
¿Ula? (2a forma do pronome).

Nos puntos anteriores o emprego da segunda forma do artigo conleva o do guión, para diferenciármola segunda forma do artigo: *(Ti) dá-lo voto positivo*, da do pronome: *(Ti) dálo positivo*.

2. Anque se emprega a segunda forma do artigo, xa non se utiliza o guión:

—coas formas indefinidas: **ambos/ambas, entrambos/emtrambas, todos/todas**:

Tódalas bases son socio-económicas.

Mantivéronse ámbalas dúas protestas.

Agora ben, só se emprega a segunda forma nos casos que estes indefinidos van en plural, sendo incorrecto o seu uso co singular:

*En *tódolo -todo o- non previsto no presente proxecto aplicarase a normativa.*

Entón, o correcto é:

En toda a sección hai traballo para todo o persoal.

En tódalas seccións hai traballo para tódolos empregados.

—coas preposicións: **por, tras**.

O monumento atópase protexido polo artigo 1 da lei.

Tralo problema político está o económico.

—e coa conxunción copulativa: **(e) mais**:

No camiño de acceso a Meira falta por bota-la grava e mailo asfalto.

Observacións: Cando lle empatamos unha segunda forma do artigo a un verbo, non nos debemos esquecer de a contar como unha sílaba máis:

Sinalabamos o caso — Sinalabámo-lo caso.

No caso das formas diacríticas, maila a segunda forma do artigo, séguese a mante-lo acento diacrítico:

¿Vé-la semana próxima ó congreso? (2a pers. do verbo 'vir').

Por pó-las condicións non creas que é-lo máis inxusto (verbo 'pór' e 2a pers. do verbo 'ser').

3. Agora ben, xa non se utiliza a segunda forma do artigo cando entre as formas que a permiten e o artigo hai unha pausa ortográfica ou cando o artigo vai separado desa forma:

Acadaremos, ben o sabedes, o teito constitucional.

Debes gañar: os votos, as eleccións e o ceo.

Acadamos pronto a venda do produto / Acadámo-la venda do produto.

e en formas de infinitos lexicalizados, como por exemplo:

O goberno envíalle a seguir (= a continuación) o proxecto ó Parlamento.

Nota: As palabras ou formas que levan * (asterisco) son incorrectas.

DERRADEIRO E ÚLTIMO

“Na **última** semana aconteceron moitas cousas”.

“Na **derradeira** semana do mes aconteceron moitas cousas”.

Equivocadamente, hai quen pensa que estas dúas palabras teñen un significado idéntico, que son sinónimas e, por aquilo dun excesivo diferencialismo tende a evitar **último** e a empregar decote **derradeiro**. E non sempre pode facerse.

Reparade:

DERRADEIRO é o último elemento dunha serie sen posibilidade de continuación. É o último de todos.

ULTIMO representa o elemento máis recente dunha serie que aínda non rematou, que aínda pode continuarse.

Deste xeito, observade coma no primeiro exemplo non podemos utilizar **derradeiro** (por-

que se refire á semana anterior, á pasada, e aínda virán máis) e, en cambio, si podemos facelo no segundo (porque é a última de todas do mes).

En resume que ha quedar ben claro con estoutro exemplo:

Seguro que ha quedar ben claro con estoutro exemplo:

“Xa verás como a **última** suba da gasolina non ha se-la **derradeira**”. Se **non, ó tempo**.

ATA E DEICA

—“Imos ir **deica** o cume da montaña”.

—“Marcho. **Deica** mañá, logo”.

—“Non calou **ata** que marchou ela”.

—“**Ata** que non dixeron, non o souben”.

Tampouco **ata** e **deica** teñen idéntico significado.

DEICA ten un significado máis restrinxido e só se pode utilizar en determinadas ocasións, sempre e cando se poida substituír por “de aquí a...”, locución de orixe.

ATA pode usarse sempre, en calquera ocasión. No canto de **deica** pode utilizarse **ata**, pero non ó revés:

—“**Ata** mañá, logo” ou “**Deica** mañá, logo”.

—“**Ata** tal punto que...”, pero **non**: “**Deica** tal...”.

Deica precisa, pois, un punto de partida, (expreso ou elíptico) no espazo ou no tempo. En moitas ocasións, o seu significado orixinal xa deixou de estar presente na conciencia do falante, e en moitas zonas son posibles expresións coma: “**Deica** agora non pasara isto”, “**Ven deicaaquí**”.

ENCOL E SOBRE

—“Puxo o libro **encol** da mesa”.

—“Houbo unha conferencia **sobre** a historia da comarca”.

SOBRE pode utilizarse en todas ocasións.

ENCOL só cando hai contacto físico = **sobre** algo que se

pode tocar fisicamente (= enriba de, encima de).

É dicir, que o libro pode poñerse **sobre** ou **encol** da mesa, pero non pode facerse nunha conferencia **encol** da historia..., senón **sobre**.

Xosé M^a. Lema

terminoloxía

ALLEAR e ALLEAMENTO (Castelán *enajenar*, *enajenación*)

Na linguaxe xurídica castelá existen dous sustantivos sinónimos, **alienación** e **enajenación**, derivados respectivamente dos verbos **alienar** e **enajenar**, que remiten indistintamente a dúas acepcións:

1. “Acción e efecto de transferir a

outro, a título lexítimo e por acto entre vivos, a propiedade dunha cousa ou a titularidade dun dereito”.

2. “Disturbio ou anormalidade, permanente ou temporal, das facultades mentais que implica a perda da razón e mais do discernimento”.

Todas estas variantes proceden do latín **alienare** e do derivado **alienatio**, palabras que xa tiñan a acepción hoxe conservada en galego e castelán pois **alienatio** viña sendo “alienación, venda, transmisión da propiedade ou posesión dunha cousa a outro”.

Do latín **alienare** temos en galego a forma patrimonial **allear** (documentada xa no séc. XIII). Deste verbo deriva o sustantivo **alleamento**. Tamén no galego medieval se formou xa un derivado con **en** e **allear**, do que témo-los resultados: **eallear** e **enallear** (“...que nõ posa bender nõ sopeñorar as ditas casas, nõ nehña de eallear nõ concãbear...”). Da últimas das formas apareceu no s. XIV o sustantivo **enalleamento**.

Ó lado destas formas patrimo-

niais, aparecen xa por veces, no mesmo século XIV a forma culta **alienar**.

Tódolos datos citados e a existencia no portugués das formas **alhear**, **alheamento**, **alheação**, **alienar**, **alienamento** avalan as formas galegas **allear/alleamento** (patrimoniais) e **alienar/alienación**, **alienable/inalienable** (cultas) para o mesmo concepto xurídico expresado polo castelán **enajenar**, e tódolos seus derivados.

Alguns exemplos:

“Os montes veciñais en man común son bens indivisibles, **inalienables**,...”

“Iniciado o expediente de calificación, ningún terreo afectado polo mesmo poderá ser obxecto de **alleamento**, división ou gravame...”

“Para que estes aproveitamentos poidan **allearse** será necesaria a publicación dun aviso por un só día no Boletín Oficial da Provincia...”

Fernando R. Tato
H. Monteagudo

PALABRA, POPULARES, SEMICULTAS E CULTAS

Reparemos nestes tres grupos de palabras procedentes dunha única latina:

latín:CLAVICULA(M)	galego: chavella	—c(a)ravilla	—clavícula
latín:ARTICULU(M)	galego:artello	—artigo	—artículo
latín:PLANU(M)	galego: chan	—pran(Medieval)	—plano
latín:PLENU(M)	galego: cheo	—preamar	—pleno

(populares)

(semicultas)

(cultas)

Tódalas linguas contan de **tres tipos** de palabras segundo a data de entrada no idioma e as posteriores evolucións que sufriron:

1º.Palabras **POPULARES** ou **PATRIMONIAIS** que son aquelas voces que entraran no idioma nos comezos históricos, na etapa máis primitiva, e que estiveron sometidas a tódalas transformacións fonéticas peculiares, de xeito que hoxe son case irrecoñecibles respecto da palabra orixinal da que proceden.

Son xeralmente as máis utilizadas e as que lle confiren personalidade senlleira a cada lingua.

2º.Palabras **SEMICULTAS** ou **SEMIERUDITAS** son as que entraron na fala nun segundo momento, non tan antigo coma nas primeiras e tan só sufriron certas evolucións parciais, non totais como pasou coas populares.

3º.Palabras **CULTAS** ou **ERUDITAS** son aquelas voces que entra-

ron na lingua ou foron adaptadas moi modernamente, de xeito que as variacións con respecto ó étimo (palabra orixinaria) son mínimas. A palabra orixinaria pode recoñecerse inmediatamente.

Corresponden moitas delas ó vocabulario específico de determinadas materias, sobre todo as de carácter científico e técnico.

Este fenómeno debémolo ter sempre moi presente, pois, como se pode ver máis enriba, dun mesmo étimo ou voz orixinaria poden xurdir dúas palabras ou máis

Dicimos, coma tal:

- Celebrouse o **pleno** do Congreso de Deputados”, pero:
- “O vaso está **cheo** de viño”.

Cando nos doen os **ollos** (<lat. OCULOS) procuramos acudir ó **ocul-ista** (<lat. OCUL-, tamén), e non ó “ollista”, que sería a palabra popular esperada. Na clase de Debuxo podemos facer **planos** de arquitectura, e nunca “chans”, aínda que pode ser que tales **planos** nos caian, por un descoido, ó **chan** da aula (ámبالas dúas palabras proceden do lat. PLANU-).

Exemplos:

POPULARES

chaga
chamar

froito
segredo
coello

cadeira
chuvia
medicina (estudios de)

SEMICULTAS

praga

crego
suxeito
doutor

CULTAS

clamar
clericalismo
subxectivo
(persoa) docta
fructífero
secretario/-a
cunicultura
cátedra, catedrático/-a
pluviómetro
menciña (da farmacia)

Outras:

estructura
pediatría
arquitectura
matemáticas
xeografía
otorrinolaringoloxía

bibliografía

GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino, **Temas de lingüística galega**, Publicacións de La Voz de Galicia, A Coruña, 1985.

Este libro, que recolle tres artigos do profesor García, anteriormente editados illadamente, é sumamente recomendable polo seu carácter didáctico á hora de abordar problemas tan complexos como a interferencia lingüística entre galego e castelán en Galicia, ou os problemas da configuración do galego fronte ó castelán e ó portugués ó longo da historia. Dada a escaseza de material para os cursos tanto de funcionarios como de adultos, a lectura deste libro pode botar luz sobre temas aínda non tratados suficientemente polos estudosos do galego.

Sobre cuestións administrativas en Galicia.

Cunha visión ampla, que abrangue perspectivas históricas, demográficas, económicas, xeográficas, xurídicas e políticas, imos tratar de sistematizar os libros editados que poidan aportar elementos para o estudo da administración en Galicia.

Autonomía, hacienda y régimen local en Galicia, AAVV (Meilán, Alfonso Bozzo, Maiz, de la Cuetara, Movilla, Piñeiro Amigo, Alvarez Gorbacho, Iglesias Suárez, Ameijenda...), 1981, Santiago, publicacións da Universidade, 401 páxs.

Un exemplo illado do que tería que ser normal no noso país. Alá polo 1978 varios ensinantes e funcionarios (das administracións xudicial e local) reuníronse para tratar da problemática xurídica, xeográfica e financeira da organización político-administrativa de Galicia, con motivo do debate constituínte e a universidade publicou os resultados deste simposio (máis de dous anos despois). A sinalar que só un dos traballos — o do profesor Maiz — está escrito no noso idioma, e que a cuestión da lingua nin se menciona. Con todo, trátase dun libro ben interesante, cheo de datos e que está estruturado en tres partes: I) Marco xurídico-político, II) O réximen local en Galicia e III) As facendas rexional e local.

Ciudad y territorio, Revista de Ciencia Urbana, nº 1, e 2, 1975,

AAVV (Fariña Tojo, López Facal, Porto Rey, Nogueira,...), 1975, Madrid, Instituto de Estudios de la Administración Local, 22 páx.

Case tódalas páxinas deste número da revista, adicada á ordenación do territorio e o urbanismo, tratan das cuestións demográficas, arquitectónicas e do planeamento urbanístico do noso país e dalgunhas das súas zonas, máis en concreto. Contén tamén unha interesante e completa bibliografía (dun total aproximado de 367 textos, hai 1 en francés, 2 en inglés, 5 en alemán, 28 en galego e o resto en castelán).

Concellos abertos na Limia, Xosé FARIÑA JAMARDO, 1982, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 99 páxs.

Un estudio dos concellos abertos e dos pedáneos na comarca da Limia, a súa historia, as súas actividades, funcionamento, tipos, etc..., na liña dos diversos traballos que sobre "a outra realidade" local (a que vive á marxe do oficial e do legal) galega ten publicado o autor.

Revista de Administración Galega

BOLETIN DE SUBSCRICION

Apelidos ou Entidade..... Nome.....
Enderezo..... N°.....
Concello..... Provincia.....
Lugar de traballo.....
Profesión.....

Subscríbome á REVISTA DE ADMINISTRACION GALEGA por ano (2 números / 1.200 pesetas)

Farei efectivo o importe da subscrición:

- en metálico
 mediante talón bancario adxunto nº.....
 por domiciliación bancaria
Banco / Caixa.....
Núm. conta / libreta..... Poboación.....
Enderezo da axencia.....
Data..... Sinatura.....

REVISTA DE ADMINISTRACION GALEGA

Asociación de Funcionarios para
a normalización lingüística de Galicia.

Virxe da Cerca, 13-2°

SANTIAGO DE COMPOSTELA.